

BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓN

12 de xullo de 2007

Nº 11

METEOROLOXÍA

Tempo estable, con ausencia de precipitacións e temperaturas diurnas máis elevadas, en torno os 22-28°C. Nas vindeiras datas non se prevén demasiados cambios, con tendencia ao aumento de temperaturas e tempo máis seco, polo que diminuiría o risco de fungos.

VIÑEDO

D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio

K (gran tamaño guisante)/L (peche do acio). O estado maioritario é o L.




Debido a climatoloxía adversa do último mes estase producindo un retraso do ciclo productivo da vide, neste momento uns 7 días respecto o ano anterior.

Continúan a ser necesarios intervencións de poda en verde

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

Seguen a verse síntomas e contaminacións de mildeu.

Debido o mal tempo constatase poucas capturas de couza e diminución da curva de voo como podese ver no gráfico:



[sigue D. O. Rías Baixas](#)

Empezanse a ver fauna auxiliar nos viñedos, especialmente crysopas e orius. Na elección dos fitosanitarios é importante que sexan selectivos e respeten a fauna auxiliar presente.

Orius.



Crysopa.



Fitoseido



Recomendacións da semán

Mantemento do control de mildeu con cadencias de aproximadamente 9-12 días; a climatoloxía non é tan adversa como en períodos anteriores pero en varios días deronse condicións de esporulación con humectación nocturna da vexetación.

Nestos momentos podese aplicar fitosanitarios con mezclas de cobre con penetrante (alternativa terapéutico-curativa) ou con outro contacto tipo folpet ou mancoceb (alternativa preventiva).

Para o control desta enfermidade sempre é moi importante chegar a todas as partes da cepa co caldo fitosanitario; gasto medio 1000 lts/ha.

As explotacións que non trataron a semán pasada o oidio deberán facer nesta xunto co tratamento da couza.

Tamén recoméndase tratar a couza dirixíndose o tratamento os acios, con algunha das substancias e tendo en conta as condicións de uso:

Bacillus thuringiensis (1), Fenoxicarb (2), Flufenoxuron (3), Indoxacarb (3), Luferuron+fenoxicarb (3), Metoxifenocida, Spinosad, Tebufenocida (1)

RESTRICIÓN S ÁS SUBSTANCIAS ACTIVAS

- 1 Ao inicio da eclosión.,
- 2 Ao inicio do voo.
- 3 Entre inicio do voo e inicio da eclosión.

D. O. Ribeiro

Mantéñense as recomendacións destas semanas para todas as denominacións de calidade: deberase continuar coa vixianza nas parcelas que están próximas a fincas abandonadas; estase a comprobar unha maior incidencia de enfermidades nas parcelas situadas nas proximidades de viñedos abandonados.

Unha vez feito un tratamento, non se debe repetir o mesmo ata que transcurra o período de persistencia do produto. Cando se renove é conveniente cambiar de materia activa para evitar resistencias.

Ademáis, como práctica cultural recoméndase a operación de enramado da vexetación nas gaviás e a eliminación de chupóns.

É moi recomendable eliminar parte da vexetación que está próxima aos acios para facilitar a aireación da planta.

Non facer os tratamentos con produtos fitosanitarios nas horas centrais do día, sobre todo si as temperaturas suben ata valores próximos aos 30 °C.

En canto o conteo de avelaíñas do acio soamente comentar que o número de individuos atrapados nas trampas de feromonas instaladas en parcelas das catro denominacións de calidade é insignificante respecto á consideración de recomendar un tratamento.

Estado fenolóxico medio

K (gran tamaño guisante)/L (peche do acio). O estado maioritario é o L.

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

Apenas apareceron novas manchas de mildiu en follas. Apareceron, de xeito localizado, síntomas de ataque de oidio pero de pouca intensidade. Non se produciron novos ataques de black-rot.

Recomendacións da semana:

Mantéñense as mesmas da semana pasada. Recoméndase renovar o tratamento fronte a mildiu. No caso de ter problemas nos acios recurrirase a un tratamento con materias activas curativas. A previsión é que a presión da enfermidade remita gracias aos tratamentos con produtos fitosanitarios e a importante suba das temperaturas que as predicións anuncian. É importante alternar as materias activas empregadas sen que se superen os tres tratamentos por campaña da mesma materia activa. Tamén é convinte protexer o cultivo fronte ao oidio, coa consideración de que no caso de elexir como materia activa o xofre, éste perde eficacia a temperaturas inferiores aos 18°C e pode queimar os acios si é aplicado nas horas centrais do día.

Débese ter en conta que no caso de ter a intención de facer un tratamento preventivo contra a botrite, o estado fenolóxico de peche do acio (L) é apropiado para facelo.

D. O. Valdeorras

Estado fenolóxico medio:
K (gran tamaño guisante)/L (peche do acio).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:
A presión da enfermidade provocada polo mildiu é menor que no Ribeiro. Tamén remitiron os ataques provocados polo Black-rot e apenas hai problemas provocados polo oídio.

Recomendacións da semana:
As mesmas que para O Ribeiro.

D. O. Ribeira Sacra

Estado fenolóxico medio:
K (gran tamaño guisante)/L (peche do acio).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:
Apenas apareceron novas manchas en folla de mildeu. Con moita menos presenza se manifestaron os síntomas en acios. Non se reproduciron as manchas de black-rot.

Recomendacións da semana:
As mesmas que para O Ribeiro.

D. O. Monterrei

Estado fenolóxico medio:
K (gran tamaño guisante).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:
As mesmas que na DO Valdeorras.

Recomendacións da semana:
As mesmas que para O Ribeiro.

MACEIRA

Estado fenolóxico medio

J (froitos en crecemento: tamaño cereixa a noz).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

Os mesmos da pasada semán, aínda que se aprecian as primeiras poboacións de araña roxa.

PATACA

PATACA (COMARCA DA LIMIA)

As condicións meteorolóxicas foron de maior estabilidade respecto ás da semana pasada: ausencia de precipitacións e suba de temperaturas. As temperaturas medias aproximáronse a valores de 20 °C. As previsións contemplan un incremento importante das temperaturas e a estabilización das condicións meteorolóxicas.

A maioría da superficie do cultivo na comarca da Limia atópase na fase engrosamento de tubérculos. Nas zonas con máis altitude o ciclo está lixeiramente adiantado respecto a zona da lagoa polo que se atopan na fase de engrosamento do tubérculo. As parcelas máis atrasadas inda continúan na fase de floración.

Recomendacións da semana: as condicións continúan sendo de risco para o ataque de fungos, polo que é imprescindible manter protexido o cultivo fronte ao mildiu. A presión da enfermidade é menos forte que en semanas pasadas pero hai que estar vixiantes polo que no caso de que se detecten síntomas na rama deberase recurrir a materias activas de carácter curativo, ademais das preventivas, xa que o risco de ataque manterase a medio prazo.

Presenza de poucos exemplares de escarabello polo que de momento non se recomenda tratar contra esta praga. Coa suba de temperaturas hai que manterse vixiante ante un posible incremento da poboación, o que obrigaría a tratar.

PATACA NA COMARCA DO SALNÉS

Mantemento do control do mildeu, excepto os campos nos que se prevee cercana a recolección dos tubérculos. Estase a avaliar pudricións que aparecen en recolección.

HORTA

HORTA NA COMARCA DE RIAS BAI XAS

As poboacións de plagas están en niveis típicos da época e seguen a manifestarse síntomas de oidio en pemento.

Nas plantacións hortícolas que nesta campaña teñen problemas de nemátodos ou enfermidades de solo limitantes de seu cultivo, recomendase realizar a biofumigación para o control dos patóxenos, dado que nestas datas (xullo-agosto-setembro) é a mellor época do ano para súa aplicación.

A biofumigación é unha forma de "desinfección natural" que basase na acción das substancias volátiles (amonio, sulfídrico, ácidos orgánicos, etc) producidas na degradación da materia orgánica de recursos locais incorporada o solo para o control dos patóxenos das prantas; a vez activanse os procesos biolóxicos naturais de aumento de poboacións antagonistas cos patóxenos (especialmente de nemátodos saprófagos) e aumentase a fertilidade natural do solo.

Polo xeral, calquer materia orgánica en fermentación precoz pode actuar Nas plantacións hortícolas que nesta campaña evidenciaron problemas de nemátodos ou enfermidades de solo limitantes de seu cultivo, recomendase realizar a biofumigación para o control dos patóxenos, dado que nestas datas (xullo-agosto-setembro) é a mellor época do ano para súa aplicación.

A biofumigación é unha forma de "desinfección natural" que basase na acción como biofumigante, esterco de cabalo, vaca, ovella ou gallinaza sos ou mezclados con vexetais de brassicas ou leguminosa con gramíneas,... Pasos a seguir:

Procurar que durante o almacenaxe en campo non se perdan os gases producidos na biodegradación, cubriendo os montóns do biofumigante con plásticos hasta o momento da aplicación.

Recomendase unha dose de 60-90 t/ha distribuída uniformemente en toda a superficie e inmediatamente enterrada con pase de arado profundo e posterior fresado.

Regase, mellor por aspersión, hasta o punto de producirse a saturación do suelo. Cubrese a continuación con plástico para reter, durante 4-6 semanas os gases producidos da biodegradación da materia orgánica, a vez que prodúcese a desinfección complementaria por solarización.

A sementeira de brassicas despois da biofumigación poden servir como bioindicadores da posible fitotoxicidade.

HORTA

HORTA NA COMARCA DA LIMIA

CEBOLA

Fenoloxía:

data de transplante: marzo/abril. Estado de engrosamento do bulbo (H). Cebola con 13 follas.

data de transplante: maio. Estado de formación do bulbo. (G). Cebola con 8-10 follas.

Recomendacións:

Semana con menor risco por ataque de fungos. Recoméndase manter os tratamentos de xeito preventivo contra o mildiu e botrite. As condicións meteorolóxicas, temperaturas suaves, non están a favorecer o ataque de pragas polo que non se recomenda ningún tratamento. Observouse un incremento da poboación de trips, sobre todo nos bordes das parcelas, o que obriga a facer un seguimento da praga por si fora preciso facer un tratamento.

REPOLO:

Fenoloxía: planta con 8-9 follas.

Recomendacións: As condicións meteorolóxicas da semana pasada e as predicións para ésta fan diminuír a presión das enfermidades fúnxicas polo que non se recomenda ningún tratamento contra o mildiu. Ata o momento non se recomenda tratar contra pragas e si manter vixiado o cultivo por si aumentase a poboación dos patóxenos e fora necesario tratar (pulguiña das crucíferas).